

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO FACULTADE DE FILOSOFÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aprobado pola Xunta de Facultade do 20 de decembro de 2107
Ratificado polo Consello de Goberno do 22 de febreiro de 2018



TÍTULO PRELIMINAR.....	3
Artigo 1. Obxecto	3
Artigo 2. Órganos de goberno da Facultade	3
TÍTULO I: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DA FACULTADE.....	3
Capítulo 1. Da Xunta de Facultade	3
Artigo 3. A Xunta de Facultade.....	3
Artigo 4. Composición do Pleno	3
Artigo 5. Competencias.....	4
Artigo 6. Réxime de convocatorias.....	5
Artigo 7. Lugar das reunións e uso de medios telemáticos	5
Artigo 8. Orde do día	5
Artigo 9. Quórum	5
Artigo 10. Presidente, Mesa e secretario/a	6
Artigo 11. Desenvolvemento dos debates	6
Artigo 12. Acordos.....	6
Artigo 13. Actas	6
Capítulo 2. Do/a decano/a	7
Artigo 14. O/A decano/a	7
Artigo 15. A elección	7
Artigo 16. O cese	7
Artigo 17. A revogación.....	7
Artigo 18. Suplencia	8
Artigo 19. As competencias.....	8
Capítulo 3: Do/a secretario/a da Facultade	8
Artigo 20. O/A secretario/a da Facultade	8
Artigo 21. Nomeamento.....	9
Artigo 22. Cese	9
Artigo 23. Suplencia	9
Capítulo 4: Dos/das vicedecanos/as	9
Artigo 24. Os/As vicedecanos/as.....	9
Artigo 25. Nomeamento.....	9
Artigo 26. Cese	9
Artigo 27. Suplencia	9
TÍTULO II. DAS COMISIÓN DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE.....	9
Capítulo 1. Disposicións xerais	9

Artigo 28. As Comisi3ns Delegadas	9
Artigo 29. Requisitos xerais relativos 3 composici3n	10
Artigo 30. R3xime de convocatorias, reuni3ns e acordos	10
Artigo 31. Das comisi3ns delegadas de car3cter est3bel.	11
Cap3tulo 2: Comisi3n Permanente	11
Artigo 32. A Comisi3n permanente	11
Artigo 33. Composici3n	11
Artigo 34. Competencias	11
Cap3tulo 3: Outras comisi3ns delegadas de car3cter est3bel	12
Artigo 35. Da Comisi3n de Validaci3ns e recoñecementos.....	12
Artigo 36. Da Comisi3n Cultural e de Normalizaci3n Lingüística	12
Artigo 37. Da Comisi3n da Biblioteca	12
Artigo 38. Da Comisi3n de Igualdade de X3nero	13
T3TULO III. DA COMISI3N DE CALIDADE E DAS COMISI3NS DE T3TULO.....	13
Cap3tulo 1: Disposici3ns xerais	13
Artigo 39. Requisitos xerais relativos a composici3n	13
Artigo 40. R3xime de convocatorias, reuni3ns e acordos	13
Artigo 41. Das comisi3ns de t3tulo.....	13
Cap3tulo 2: Da Comisi3n de Calidade e Grao.....	13
Artigo 42. Composici3n	13
Artigo 43. Competencias	14
Cap3tulo 3: Das Comisi3ns de Mestrado	15
Artigo 44. Composici3n	15
Artigo 45. Competencias	16
T3TULO IV. DA REFORMA DO REGULAMENTO	17
Artigo 46. Iniciativa.....	17
Artigo 47. Procedemento	17
DISPOSICI3NS DERROGATORIAS.....	17
Única. Derrogaci3n normativa	17
DISPOSICI3NS FINAIS	17
Única. Entrada en vigor	17

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto

1. A Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) é un centro universitario que asume e desempeña as súas funcións como servizo público mediante a actividade docente, de estudo e investigación, para a creación, desenvolvemento e transmisión crítica do saber, a ciencia e a cultura, coa finalidade de preparar para o exercicio das actividades profesionais e de contribuír, de modo específico, ao progreso material e cultural da sociedade e, en particular, da galega.

2. A Facultade de Filosofía, para o cumprimento das funcións que lle atribúen a Lei Orgánica 6/2001, as súas posteriores modificacións, a súa lexislación de desenvolvemento e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, rexerase polo presente regulamento, que é a norma na que se establecen as disposicións destinadas a regular o seu funcionamento.

3. A Facultade de Filosofía velará especialmente pola promoción da lingua galega, no cadro do proceso de normalización lingüística da USC e da Comunidade Autónoma de Galiza. Os órganos de xestión e de goberno desta Facultade asumen o idioma galego nas súas manifestacións oficiais, así como nos seus impresos e documentos. Ademais, a Facultade promoverá o uso da lingua galega no ensino e en todas as restantes actividades do centro, sen que se poida producir ningunha discriminación por causa da opción ortográfica escollida.

4. A Facultade de Filosofía promoverá a igualdade entre homes e mulleres e preocuparase polo desenvolvemento sostíbel en liña co Plan de Igualdade de Xénero e coa Memoria de Responsabilidade Social da USC.

Artigo 2. Órganos de goberno da Facultade

Os órganos de goberno e xestión da Facultade de Filosofía son:

- a) A Xunta de Facultade.
- b) O/a decano/a.
- c) Os/as vicedecanos/as.
- d) O/a secretario/a.

A Xunta de Facultade actuará en Pleno ou en Comisión Permanente. Tamén poderá dotarse de comisións delegadas, estabéis ou conxunturais, que a asesoraran e asistirán nas súas funcións.

TÍTULO I: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DA FACULTADE

Capítulo 1. Da Xunta de Facultade

Artigo 3. A Xunta de Facultade

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

Artigo 4. Composición do Pleno

1. A Xunta de Facultade estará composta por:

- O/A decano/a, que a convocará e presidirá.
- Os/As vicedecanos/as.
- O/A secretario/a da Facultade, que o será tamén do pleno.
- O/A responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.
- O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35 % da capacidade docente dun profesor a tempo completo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51 %.

- O resto do PDI, sempre que non exceda o 10 % do total da Xunta; de exceder esa porcentaxe corresponderalle unha representación polo 10 % do total da Xunta.
 - O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5 %.
- Unha representación do estudiantado do 32 % do total da Xunta. O estudiantado de grao non poderá representar menos do 20 % e garantirase a representación do estudiantado de mestrado e doutoramento cando proceda.
- Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7 % do total da Xunta, cun mínimo de dous.

2. Os/as representantes elixidos do PDI e PAS serano por un período de dous anos, mentres que os/as representantes do alumnado por un. A condición de membro da Xunta de Facultade perderase ao cesar a vinculación coa Facultade ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal se foi elixido, ou por calquera das causas recollidas no Regulamento de réxime electoral xeral para a perda da condición de membro de órgano colexiado.

Os membros da Xunta de Facultade que perdan a súa condición serán substituídos nos termos establecidos polo Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

3. O/A decano/a pode permitir a asistencia ás sesións da Xunta de Facultade aos membros da Facultade que non pertencen ao órgano, se así o solicitan. A denegación destas solicitudes será motivada.

Poderán ser convocados/as, con voz máis sen voto, o profesorado, investigadores/as, PAS e alumnado que, sen pertencer á Xunta, realicen actividades de carácter docente, discente, investigador ou administrativo no Centro. Poderán invitarse igualmente, con voz e sen voto, persoas alleas á Facultade sempre que estiveren implicadas nalgún asunto da orde do día. O número de invitados non poderá ser superior ao 10% do total de membros da Xunta de Facultade.

No caso de asistencia a unha sesión da Xunta de Facultade de persoas non pertencentes á mesma, darase coñecemento desta circunstancia ao inicio da sesión e garantirase que os asistentes que non teñen a condición de membros da Xunta poidan participar nos debates pero non nas votacións.

Artigo 5. Competencias

1. Son competencias da Xunta de Facultade:

- a) A elección do/a decano/a e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva.
- b) A elaboración e a aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais. En todo o caso, estas competencias deberán desenvolverse tendo en conta a participación dos promotores dun título.
- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- g) A aprobación da programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento.
- h) A aprobación da memoria de calidade da Facultade.
- i) A aprobación do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) da Facultade.
- j) A aprobación dos informes de seguimento e de renovación da acreditación das titulacións adscritas á Facultade.
- k) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.

- l) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
 - m) O informe acerca das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
 - n) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
 - o) A manifestación da súa opinión sobre os asuntos relacionados coa Facultade ou coas súas actividades.
 - p) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da USC ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.
2. En canto o Pleno da Xunta de Facultade non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que delega as súas competencias na Comisión Permanente, excepto as que se mencionan nas letras a), b), c), d), e), g), h), i), j) l), m) e ñ) do art. 5.1 deste Regulamento, que non poderán ser delegadas.

Artigo 6. Réxime de convocatorias

1. O pleno da Xunta de Facultade convocarao o/a decano/a, ou, na súa ausencia, a persoa que o/a substitúa.
2. Con carácter ordinario, a Xunta de Facultade reunirse polo menos tres veces durante o curso académico en período lectivo.
3. Con carácter extraordinario, a Xunta de Facultade poderá reunirse:
 - a) A iniciativa do/a decano/a.
 - b) Por pedimento de:
 - A Comisión Permanente por maioría.
 - Un terzo dos membros da Xunta de Facultade.

Nos supostos contemplados no punto b), o pedimento deberá ir acompañado dunha xustificación da súa convocatoria e deberá incluír o asunto e proposta que se quere tratar de xeito explícito e concreto.

4. Para que a convocatoria teña efecto, deberá enviarse por correo electrónico, ao enderezo institucional de cada membro da Xunta de Facultade, e nela se fará constar a orde do día para a deliberación dos puntos, a data, hora e lugar de reunión, sistemas de conexión de ser o caso. A documentación necesaria deberá remitirse no mesmo correo electrónico, cando sexa posíbel, e en todo caso coa antelación suficiente á celebración da reunión.
5. As convocatorias terán que ser enviadas por correo electrónico ao enderezo institucional dos membros da Xunta cunha antelación mínima de dous días hábiles.

Artigo 7. Lugar das reunións e uso de medios telemáticos

1. A Xunta de Facultade ten que reunirse nas dependencias da Facultade en días lectivos.
2. Sempre que a natureza do asunto o permita, poderanse celebrar reunións por medios telemáticos, considerándose neste sentido válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Artigo 8. Orde do día

1. A orde do día da Xunta ordinaria será elaborada polo/a decano/a, asistido polo/a secretario/a e vicedecanos/as. Nela figurarán inescusabelmente as mencións de aprobación das actas das sesións anteriores, o informe do/a decano/a, os asuntos de trámite, e a rolda aberta de intervencións. Tamén se deberán incluír dentro da orde do día aqueles puntos que estime a Comisión Permanente por maioría simple ou aqueles outros que solicite por escrito un terzo dos membros da Xunta.

Artigo 9. Quórum

1. A Xunta de Facultade constituirase validamente, en primeira convocatoria, coa presenza do presidente e do secretario, ou de quen legalmente os substitúa, e a metade dos seus membros. En segunda convocatoria, poderán constituírse coa presenza do presidente, do secretario e unha cuarta parte dos seus membros.

2. De non alcanzarse o quórum necesario, nos dous días hábiles seguintes procederase a facer unha nova convocatoria.

Artigo 10. Presidente, Mesa e secretario/a

1. A Xunta de Facultade estará presidida polo/a decano/a, ou persoa en que delegue, asistido/a polo equipo decanal.

2. O equipo decanal, tendo en conta a opinión da Xunta de Facultade, interpretará o presente Regulamento en casos de dúbida ou omisión. Tamén decidirá sobre calquera outra cuestión que o/a decano/a lle consulte.

3. O/A secretario/a da Facultade exercerá de secretario/a do pleno da Xunta de Facultade. No caso de ausencia, exercerá as súas funcións o membro da mesa que designe o/a decano/a ou, no seu defecto, o/a docente mais novo da Xunta que reúna os requisitos para ser secretario/a.

Artigo 11. Desenvolvemento dos debates

O/A decano/a dirixirá, moderará e ordenará o desenvolvemento dos debates. Tamén poderá propor á consideración da Xunta de Facultade a alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día, que será aceptada se a maioría simple dos presentes así o acorda. Por razóns de especial urxencia, o/a decano/a poderá propor a incorporación dalgún punto novo, sempre que estiveren presentes todos os membros da Xunta de Facultade e acorden por maioría a súa inclusión.

Artigo 12. Acordos

1. As decisións da Xunta adoptarán a forma de acordos, en materias da súa competencia.

2. As decisións poderanse tomar por asentimento ou por votación. Para axilizar o procedemento, as votacións poderán ser públicas e a man alzada, ou secretas cando afecten a persoas concretas ou así o solicite calquera dos asistentes.

En caso de votación entre dúas propostas, os acordos adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha determinada proposta, excepto o disposto neste Regulamento para a moción de censura e a reforma do propio Regulamento. No caso de que houbese tres ou máis propostas, procederase a unha segunda votación entre as dúas propostas máis votadas. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a decano/a, ou de quen legalmente o substitúa na presidencia da Xunta.

3. Non se admitirá a delegación de voto nin en membros da Xunta nin en persoas alleas. Tampouco será admitido o voto anticipado.

Artigo 13. Actas

1. O secretario/a da Facultade levantará acta de cada sesión na cal se especificarán:

- a) Os membros da Xunta de Facultade que asistiron á reunión e as ausencias comunicadas.
- b) A orde do día da sesión e as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou.
- c) Un resumo dos debates que inclúa os puntos principais das deliberacións.
- d) O contido íntegro dos acordos, especificando como se adoptou e, no seu caso, o número de votos favorábeis a cada unha das propostas.

2. Na acta figurará, previa solicitude dos respectivos membros da Xunta, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que os xustifican, ou o sentido do voto favorábel. Así mesmo, calquera membro da Xunta terá dereito á transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, para o que será imprescindible que se lle entregue por escrito á/ao secretario/a antes do remate da sesión ou no prazo que sinale o/a decano/a.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular por escrito o seu voto particular, no prazo de 72 horas, que se incorporará ao texto aprobado. En todo o caso, deberán anunciar a intención de voto particular na propia sesión.

4. Cada acta será asinada pola persoa que actúe como secretario/a co visto e praxe da persoa que actúe como presidente/a da sesión.

5. A acta de cada sesión aprobarase na mesma sesión ou na inmediatamente seguinte coas modificacións propostas polos membros da Xunta de Facultade, unha vez aceptadas polo/a

secretario/a da Facultade. Para considerarse aprobada na mesma sesión, o/a secretario/a elaborará a acta co visto bo do/a presidente/a e a remitirá a través do correo institucional aos membros da Xunta de Facultade, que poderán manifestar polo mesmo medio a súa conformidade ou a necesidade de facer modificacións ao texto no prazo establecido para o efecto. No caso de que os membros se pronuncien favorabelmente considerarase aprobada na mesma reunión.

6. As actas, unha vez aprobadas, asinadas polo/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a, arquivaranse e quedarán baixo a custodia do/a secretario/a da Facultade e poderán ser consultadas, previa solicitude, nos supostos legalmente admitidos e segundo se estableza en cada caso na lexislación de aplicación.

7. Só darán fe dos acordos aprobados pola Xunta de Facultade as certificacións expedidas polo/a secretario/a da Facultade, co visto e prace do/a decano/a. O/a secretario/a da Facultade, co visto e prace do/a decano/a, expedirá certificación dos acordos a calquera membro da Facultade que o solicite por escrito. Con anterioridade á aprobación da acta tamén se poderán emitir certificacións sobre os acordos que se adoptaron, facéndose constar neste caso tal circunstancia.

Capítulo 2. Do/a decano/a

Artigo 14. O/A decano/a

O/A decano/a representa a Facultade, exerce a súa dirección e xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Artigo 15. A elección

1. A elección do/a decano/a axustarase ao establecido no Regulamento electoral da USC. Cumpridos os procedementos e prazos establecidos, convocarase unha sesión extraordinaria do Pleno da Xunta de Facultade que terá como único punto da orde do día, a elección do/a decano/a. Os/as candidatos/as disporán dun máximo, se así o desexan, de 30 minutos para expor os seus programas. De seguido, responderán durante un prazo máximo conxunto de dúas horas as preguntas que os membros da Xunta de Facultade lles formulen. Concluído o debate, procederase á votación de todos os membros presentes da Xunta de Facultade.

2. A Xunta de Facultade elixirá o/a decano/a de entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade censado no centro.

3. De non se levar a cabo a elección por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do reitor, encargarlle provisoriamente as funcións de decano/a a un/ha profesor/a con vinculación permanente á Universidade censado no centro. Rematado o curso académico, convocaranse novas eleccións.

Artigo 16. O cese

O/A decano/a cesará nas súas funcións ao remate do seu mandato, a pedimento propio, como consecuencia dunha moción de censura ou por calquera outra causa das recollidas no Regulamento electoral xeral da USC relativa a perda da condición de cargo unipersoal.

Artigo 17. A revogación

1. O/A decano/a pode ser revogado/a mediante moción de censura de acordo co previsto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Para poder ser tramitada, a moción de censura deberá ser presentada coas sinaturas de, polo menos, un terzo dos membros da Xunta de Facultade e incluír o nome da persoa proposta como novo/a decano/a, a cal tamén terá que asinar para acreditar a súa conformidade.

3. Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, o/a decano/a convocará unha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade con ese único punto da orde do día, nun prazo máximo de quince días hábiles desde que aquela teña recibido entrada no Decanato da Facultade.

4. A presidencia da sesión corresponderá ao membro do profesorado con vinculación permanente á Universidade pertencente á Xunta de Facultade de maior categoría e antigüidade.

5. Tanto o/a candidato/a proposto como o/a decano/a disporán dun prazo máximo de trinta minutos

para expor as súas posicións. Deseguido, abrírase unha quenda de intervencións e preguntas por parte dos membros da Xunta de Facultade cun prazo de duración máximo dunha hora.

6. Rematada a quenda de preguntas e intervencións, procederase á votación nominal e secreta da moción de censura. A moción considerárase aprobada se recibe o voto favorábel da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade e, en tal caso, a persoa que presida a sesión proclamará decano/a electo/a á persoa proposta na moción.

7. Se a moción de censura non fose aprobada, ningún dos seus asinantes poderá asinar outra durante o mesmo período de mandato.

8. Se a moción de censura fose aprobada, será proclamado/a decano/a electo/a a persoa proposta na moción de censura polo período de mandato que lle reste ao/a decano/a revogado/a.

Artigo 18. Suplencia

En caso de ausencia ou enfermidade, o/a decano/a será substituído/a polo/a vicedecano/a designado/a polo/a decano/a, ou no seu defecto polo/a secretario/a da Facultade.

Artigo 19. As competencias

1. Son competencias do/a decano/a:

- a) A representación da Facultade.
- b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e a de calquera outro órgano colexiado da Facultade, así como a execución dos seus acordos.
- c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.
- d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas ao Centro.
- e) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
- f) Liderar o deseño, desenvolvemento, implantación, revisión e mellora do SGIC da Facultade.
- g) Nomear ao responsable de calidade do Centro, sempre que o considere oportuno, e poñelo en coñecemento da Xunta de Facultade.
- h) A dirección económica das actividades organizadas polo centro.
- i) A proposta ao reitor do nomeamento e cesamento do secretario/a da facultade e, de ser o caso, dos vicedecanos/as, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
- j) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
- k) O control do adecuado mantemento do patrimonio do centro.
- l) Decidir sobre a xestión ordinaria dos espazos da Facultade.
- m) O exercicio das restantes funcións que deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos da USC ou a lexislación universitaria.

2. As competencias do/a decano/a estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da Facultade que non estivesen atribuídos a outros órganos.

Capítulo 3: Do/a secretario/a da Facultade

Artigo 20. O/A secretario/a da Facultade

1. O/A secretario/a da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Centro e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro.

2. O/A secretario/a da Facultade en colaboración cos/as coordinadores/as das titulacións adscritas ao Centro, elaborará os horarios e calendarios de exames para o seu estudo na correspondente comisión de título.

3. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden o/a decano/a, a lexislación vixente e os Estatutos da USC.

Artigo 21. Nomeamento

O/A secretario/a será nomeado polo/a Reitor/a, segundo a proposta do/a decano/a, de entre os/as profesores/as ou funcionarios/as dos subgrupos A1 e A2 censados/as no centro.

Artigo 22. Cese

O/A secretario cesará por decisión do Reitor á proposta do/a decano/a, por petición propia ou tras o/ cese do/a decano/a que fixo a proposta de nomeamento. Neste último caso, continuará en funcións ata ser confirmado/a ou substituído/a polo/a novo/a decano/a.

Artigo 23. Suplencia

No caso de ausencia ou enfermidade do secretario/a, será suplido nas súas funcións ordinarias pola persoa do equipo decanal designada para o efecto polo/a decano/a. No caso de imposibilidade de asistencia a unha Xunta de Facultade, procederase segundo establecido no artigo 10.3.

Capítulo 4: Dos/das vicedecanos/as

Artigo 24. O/A vicedecanos/as

No exercicio das súas competencias, o/a decano/a será asistido/a polos/as vicedecanos/as que coordinaran e dirixiran, baixo a autoridade daquel/la, a área ou áreas de competencias que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos.

Artigo 25. Nomeamento

Os/As vicedecanos/as serán nomeados polo/a Reitor/a, a proposta do decano, de entre os membros da comunidade universitaria da facultade que reúnan os requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos da USC.

Artigo 26. Cese

Os/As vicedecanos/as cesarán no seu cargo por decisión do/a Reitor/a, á proposta do/a decano/a, por petición propia ou tras o/ cese do/a decano/a que fixo a proposta de nomeamento. Neste último caso, continuarán en funcións ata ser confirmados ou substituídos polo/a novo/a decano/a.

Artigo 27. Suplencia

No caso de ausencia o enfermidade, os/as vicedecanos/as será substituídos/as pola persoa do equipo decanal designada para o efecto polo/a decano/a.

TÍTULO II. DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE

Capítulo 1. Disposicións xerais

Artigo 28. As Comisións Delegadas

1. As Comisións Delegadas actúan por delegación da Xunta de Facultade. Son instancias de asesoramento, ou de decisión no caso de competencias que foran delegadas pola Xunta de Facultade.
2. O presente Regulamento prevé a constitución de determinadas comisións delegadas de carácter estábel e autoriza á Xunta de Facultade para crear as que estime oportunas, xa sexan de carácter conxuntural. A composición, competencias e duración das comisións delegadas, no caso de non estar previstas neste Regulamento de réxime interno, serán determinadas en cada caso pola Xunta de Facultade.
3. A súa función é emitir informe, coordinar, estudar e elaborar propostas de carácter operativo sobre os asuntos que este Regulamento ou os órganos competentes de goberno da Facultade lles encomenden para o desempeño dos seus cometidos. Tamén poderán tomar decisións por

delegación da Xunta de Facultade excepto nos casos de competencias non delegábeis da Xunta de Facultade e recollidas no artigo 5.2.

4. As comisións contarán coa colaboración do persoal de administración adscrito á Facultade.

Artigo 29. Requisitos xerais relativos á composición

1. Cada comisión terá a súa propia estrutura. Todas elas estarán presididas polo/a decano/a ou membro da comisión en quen delegue. Cada comisión elixirá o/a seu/súa secretario/a, excepto no caso da Comisión Permanente na cal realizará estas funcións o/a secretario/a da Facultade. No caso de ausencia do/a secretario/a, designarase entre os membros presentes.

2. Os membros das comisións delegadas teñen que selo tamén da Xunta de Facultade salvo nos casos contemplados en regulamentos especiais da USC, ou en caso de Comisións temáticas ou informativas que poida crear a Xunta de Facultade. Estas comisións, nos casos en que se considere oportuno, poderán invitar a outras persoas a participaren nelas, con voz mais sen voto.

3. A elección dos membros das comisións estábeis que representen os distintos sectores da Xunta de Facultade realizarase polos membros do respectivo sector no seo da propia Xunta. A elección poderá ser por asentimento, sen necesidade de votación, cando o número de candidatos presentados sexa inferior ao de postos elixíbeis.

4. A condición de membro das comisións delegadas perderase ao cesar a vinculación coa Facultade, ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal se foi elixido ou por cese ou dimisión. O membro electivo dunha comisión estábel que perda a súa condición será substituído, de habelo, polo seguinte candidato máis votado do mesmo sector dos/as presentados/as no seu momento. De non existir, cumprirá proceder á elección do/a substituto/a dentro do sector correspondente, no prazo de tempo máis breve posíbel.

5. As ausencias non xustificadas ás reunións das comisións delegadas serán comunicadas polo/a decano/a á Xunta de Facultade cando acaden o número de 3 consecutivas ou 5 alternas. Neste caso, a Xunta de Facultade valorará se, para garantir o correcto funcionamento da comisión, é preciso proceder a substitución da persoa en cuestión.

6. A renovación dos membros das comisións delegadas farase necesariamente despois das eleccións a decano/a. Mentres non haxa elección de decano/a, os membros renovaranse logo dos correspondentes procesos electorais nos diferentes sectores.

Artigo 30. Réxime de convocatorias, reunións e acordos

1. As comisións delegadas da Xunta de Facultade serán convocadas polo seu presidente/a. Poderán reunirse con carácter ordinario ou extraordinario. Neste último caso, a iniciativa corresponderalle ao/á presidente/a, por iniciativa propia ou a pedimento dun terzo dos membros da comisión.

2. As convocatorias serán remitidas cunha antelación mínima de dous días hábiles.

3. Para que a convocatoria teña efecto, deberá notificarse por correo electrónico, ao enderezo institucional de cada membro da comisión correspondente, e nela se fará constar a orde do día, a data, hora e lugar de reunión e sistemas de conexión, de ser o caso. A documentación necesaria deberá remitirse no mesmo correo electrónico, cando sexa posíbel, e en todo caso coa antelación suficiente á celebración da reunión.

4. As comisións delegadas da Xunta de Facultade constituiranse validamente, en primeira convocatoria, coa presenza do/a presidente/a e do/a secretario/a, ou de quen legalmente os substitúa, e a metade dos seus membros. En segunda convocatoria, poderán constituírse coa presenza do presidente, do secretario e un terzo dos seus membros.

5. Os acordos, informes, propostas e recomendacións das comisións delegadas adoptaranse por asentimento ou maioría simple. As votacións poderán ser públicas e á man alzada ou secretas, cando se refiran a persoas concretas ou se así o solicita algún membro da comisión. Os acordos das comisións, excepto naqueles casos que lle foran delegadas as competencias decisorias, deberán someterse á aprobación da Xunta.

6. Non se admitirá a delegación de voto nin en membros das comisións nin en persoas alleas.

7. Os/as secretarios/as de cada comisión delegada levantarán acta de cada sesión, nos mesmos termos recollidos no artigo 14 do presente Regulamento.

8. Previa solicitude razoada ao/á presidente/a, calquera membro da Xunta poderá ser escoitado pola comisión delegada en relación con algún dos asuntos da orde do día, sempre e cando se informe ao respecto no inicio da sesión e sexa aceptado por maioría.

9. O/A decano/a informará ao Pleno da Xunta, na primeira sesión que esta celebre con posterioridade á última celebrada pola comisión delegada, de todas as actuacións da comisión, con excepción das referidas a asuntos de trámite. Se o/a decano/a o considerase oportuno, poderá informar destas cuestións por correo electrónico en vez de trasladalas á seguinte sesión.

10. Para todos os demais aspectos referidos ao funcionamento das comisións delegadas non previstos neste artigo, se procederá conforme o recollido neste Regulamento para a Xunta de Facultade.

Artigo 31. Das comisións delegadas de carácter estábel.

Segundo este Regulamento de réxime interno, terán carácter estábel as seguintes comisións:

- Permanente
- Validacións e recoñecementos
- Biblioteca
- Cultural e de Normalización Lingüística
- Igualdade de Xénero

Capítulo 2: Comisión Permanente

Artigo 32. A Comisión permanente

É o órgano ordinario de goberno da Facultade que garante a axilidade das actuacións.

Artigo 33. Composición

1. A Comisión Permanente estará integrada por:

- O/A decano/a que a presidirá e convocará, os/as vicedecanos/as, o/a secretario/a da Facultade, que o será tamén da Comisión, e o/a responsábel da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.
- Tres representantes de PDI, sendo un deles o director/a do/s departamento adscrito a Facultade.
- Dos representantes dos estudantes.

Artigo 34. Competencias

1. En canto o Pleno da Xunta de Facultade non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que delega as súas competencias na Comisión Permanente, excepto as que se mencionan nas letras a), a), b), c), d), e), g), h), i), j) l), m) e ñ) do art. 5.1 de este Regulamento que non poderán ser delegadas.

2. Ademais das competencias delegadas, a Comisión Permanente poderá propor á Xunta de Facultade a aprobación de acordos no ámbito do xénero, académico, económico e de programación da Facultade.

3. A Comisión Permanente poderá asesorar ao /á decano/a en todas aquelas cuestións presentadas por este/a no exercicio das súas competencias.

4. Segundo o exposto nos apartados anteriores son competencias da Comisión Permanente as seguintes:

- a) Decidir sobre os asuntos de trámite ordinarios que sexan competencia da Xunta de Facultade e non estiveren reservados expresamente ao Pleno.
- b) Decidir sobre as peticións de dispensa de asistencia a clase e informar sobre a súa resolución no Pleno.
- c) Decidir sobre o uso e xestión de espazos da Facultade, naqueles casos que non sexan competencia do/a decano/a.
- d) Informar o proxecto de orzamento elaborado polo equipo decanal antes do seu debate no Pleno da Xunta.
- e) Propór a distribución das partidas de equipamento docente e de comunicacións do Centro.

- f) Informar a proposta de dotación de medios que cubran as necesidades de administración e servizos, e de funcionamento das comisións que o precisen.
- g) Facer o seguimento do estado do edificio e facer propostas sobre a súa conservación e reparación.
- h) Asistir ao/á decano/a no procedemento de revisión de cualificacións que o alumnado poida presentar.
- i) Asesorar ao/á decano/a en todos aqueles conflitos de carácter docente, non resoltos no marco do/s departamento/s, que puidesen presentarse.
- j) Calquera outra que a Xunta de Facultade puidese delegarlle.

Capítulo 3: Outras comisións delegadas de carácter estábel

Artigo 35. Da Comisión de Validacións e recoñecementos

1. A Comisión de Validacións estará integrada polo/a decano/a, ou persoa en quen delegue que a presidirá, catro representantes de PDI, dous representantes de estudantes, e o/a PAS da secretaría do Decanato, que terá voz mais non voto, tendo como función presentar as solicitudes e tramitar os informes elaborados pola Comisión ao servizo competente.

2. As súas funcións serán:

- a) Informar os expedientes de validacións, recoñecemento e adaptación, e demais de natureza semellante que así o requiran, de grao e mestrado, excepto nos casos en que a competencia sexa atribuída ás comisións académicas das titulacións adscritas á Facultade. A Comisión de validacións poderá solicitar, se o estima oportuno, o asesoramento da comisión de título correspondente.
- b) Elaborar e propor, de ser o caso, táboas de validacións para a súa posterior consideración no Pleno da Xunta de Facultade.

Artigo 36. Da Comisión Cultural e de Normalización Lingüística

1. A Comisión estará composta polo/a decano/a ou persoa en quen delegue que a presidirá, un representante por cada departamento adscrito ao centro, un polo persoal de administración e servizos e un alumno/a de grao, un de mestrado e un de doutoramento. Esta Comisión terá carácter aberto polo que poderá participar nas súas reunións, con voz pero sen voto, calquera persoa interesada de Facultade.

2. Serán competencias da Comisión:

- a) Velar pola aplicación, na Facultade, do Plan de Normalización Lingüística para o que deberá promover, analizar e informar todo o relacionado coa normalización da cultura e lingua galega na vida académica, administrativa e de convivencia da Facultade, procurando que o galego sexa a lingua normal de comunicación.
- b) Organizar, promocionar e realizar actividades culturais.

3. Para levar a cabo a súa misión, seralle asignado un orzamento anual, procedente dos orzamentos xerais da Facultade, que os/as seus/súas compoñentes terán que administrar en función das actividades perseguidas.

Artigo 37. Da Comisión da Biblioteca

1. A Comisión de Biblioteca do Centro estará formada por:

- O/A Decano/a, ou persoa na que delegue, que actuará como Presidente.
- O/A Director/a da Biblioteca Intercentros.
- Tres profesores/as con dedicación a tempo completo que impartan docencia no centro e sexan membros da Xunta de Facultade.
- Tres representantes do alumnado que formen parte da Xunta de Centro.

2. Serán funcións da Biblioteca do Centro aprobar a política de desenvolvemento das coleccións e distribuír o presuposto no ámbito da súa competencia, de acordo coas liñas xerais emanadas da Comisión da Biblioteca Universitaria.

Artigo 38. Da Comisión de Igualdade de Xénero

1. A Comisión de Igualdade está composta por:

- O/A decano/a, ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- Un membro do profesorado con vinculación permanente á Universidade.
- Dous representantes do alumnado que formen parte da Xunta de Centro.
- Un representante do PAS do Centro.

2. A Comisión de Igualdade vela polo cumprimento efectivo do principio de igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos da Facultade, no cadro das políticas específicas deseñadas neste ámbito pola USC e en colaboración cos órganos competentes desta.

TÍTULO III. COMISIÓN DE CALIDADE E COMISIÓNS DE TÍTULO

Capítulo 1: Disposicións xerais

Artigo 39. Requisitos xerais relativos a composición

1. As comisións reguladas neste título III estarán presididas polo/a decano/a ou membro da comisión en quen delegue. Cada comisión elixirá o/a seu/súa secretario/a. No caso de ausencia do/a secretario/a, designarase entre os membros presentes.

2. A elección dos membros destas comisións realizarase en Xunta de Facultade á proposta do/a decano/a. Estas comisións, nos casos en que se considere oportuno, poderán invitar a outras persoas a participaren nelas, con voz mais sen voto.

3. A condición de membro destas comisións perderase ao cesar a vinculación coa Facultade, ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal se foi elixido ou por cese ou dimisión. O membro electivo dunha comisión estábel que perda a súa condición será substituído, de habelo, polo seguinte candidato máis votado do mesmo sector dos/as presentados/as no seu momento. De non existir, cumprirá proceder á elección do/a substituto/a dentro do sector correspondente, no prazo de tempo máis breve posíbel.

4. As ausencias non xustificadas ás reunións destas comisións serán comunicadas polo/a decano/a á Xunta de Facultade cando acaden o número de 3 consecutivas ou 5 alternas. Neste caso, a Xunta de Facultade valorará se, para garantir o correcto funcionamento da comisión, é preciso proceder a substitución da persoa en cuestión.

5. A renovación destas comisións efectuarase cada catro anos, mais para o caso de estudantes a súa renovación farase, en consonancia coa duración dos seus estudos, en tanto manteñan tal condición na titulación.

Artigo 40. Réxime de convocatorias, reunións e acordos

Aplicarase o réxime establecido no artigo 30 deste Regulamento para as comisións delegadas da Xunta de Facultade.

Artigo 41. Das comisións de título

1. As competencias das comisións dos títulos de grao adscritos á Facultade serán asumidas pola Comisión de Calidade e Grao.

2. No caso dos mestrados, constituirase unha comisión académica por cada título de mestrado adscrito a facultade.

Capítulo 2: Da Comisión de Calidade e Grao

Artigo 42. Composición

- O/A decano/a, que a presidirá e convocará
- O/A vicedecano/a competente en materia de calidade
- O/A secretario/a da Facultade
- O/A coordinador/a de grao (ou Os/As coordinadores/as de grao de ser o caso).

- O/A responsábel da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade, que asumirá a representación do persoal de administración e servizos
- Un mínimo de catro e un máximo de sete membros do PDI con dedicación a tempo completo repartidos do seguinte xeito:
 - Os/As coordinadores/as das titulacións universitarias oficiais de mestrado adscritas á Facultade
 - O/A director/a do departamento.
 - Se como resultado da composición global da Comisión de Calidade, resultante da aplicación do indicado nos diferentes apartados deste artigo, non se atopase representada algunha área de coñecemento, deberá engadirse un membro da mesma.
 - Se a composición do sector de PDI resultante da aplicación do sinalado nos puntos anteriores non acadase o número de catro profesores a tempo completo que impartan docencia no grao, deberase elixir o número de PDI necesario para acadar ese mínimo.
- Dous/dúas alumnos/as de grao e un/ha por cada mestrado.

Artigo 43. Competencias

1.- É o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC da Facultade, actuando ademais como medio de difusión interna do SGIC e dos seus logros. En relación con estas competencias, á Comisión de Calidade e Grao correspóndelle, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- b) Aprobar a proposta da Memoria de Calidade do Centro,
- c) Ser a interlocutora coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, a través da/o responsable de calidade do Centro, así como atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en Calidade para implantar os axustes e melloras do SGIC na Facultade.
- d) Facer a proposta, á Xunta de Facultade, de modificación ou suspensión do título.
- e) Todas aquelas outras funcións relacionadas co ámbito da calidade necesarias para o correcto desenvolvemento do SGIC.
- f) En relación cos títulos de Grao e dentro do ámbito da Calidade, a Comisión de Calidade e Grao terá as seguintes funcións:
 - Elaborar o informe de seguimento do título, para a súa posterior aprobación en Xunta de Facultade, que deberá incluír o informe de resultados de cada grao adscrito á Facultade e de propostas de mellora.
 - Analizar a información proporcionada polos/as coordinadores/as dos graos e o/a responsábel de calidade para levar a cabo o seguimento dos títulos.
 - Supervisar a metodoloxía didáctica e o rendemento das ensinanzas.
 - Procurar a coordinación entre os programas das materias e o seu correcto desenvolvemento.
 - Fomentar e coordinar as accións formativas non reguladas que poidan desenvolverse no Centro.

2. A Comisión de Calidade e Grao asumirá as competencias das comisións dos títulos de Grao e, por conseguinte, será o órgano colexiado ordinario de xestión dos títulos de Grao adscritos á Facultade e ocuparase daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento dos programas de estudos que establecen as memorias, de acordo con este Regulamento e o SGIC do Centro. Neste senso serán funcións desta Comisión, con respecto as titulacións de Grao, as seguintes:

- a) Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, de acordo coa memoria do título, para a súa aprobación pola Xunta de Facultade.
- b) Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes, para a súa aprobación pola Xunta de Facultade.

- c) Aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, indicando os custos e recursos con que conta para a súa participación.
- d) Analizar a guía docente e programa de cada materia, que terá sido previamente aprobada polo departamento que ten asignado o encargo docente, para supervisar que o programa e a guía docente de cada materia se adaptan á memoria verificada do título e dar traslado do seu informe á Xunta de Facultade para a súa aprobación.
- e) Asesorar, se así se lle solicita, sobre o recoñecemento de competencias do alumnado matriculado no Grao.
- f) Determinar os complementos formativos que deban realizar os estudantes matriculados en función do seu perfil de acceso, sempre que así se determine na memoria do programa de estudos.
- g) Tramitar propostas de modificación dos títulos de grao en consonancia co establecido na normativa en vigor.
- h) Promover a organización de cursos, conferencias e actividades de formación continua ou de extensión universitaria.
- i) Formular a proposta de calendario de exames e horario de clases para a súa posterior aprobación en Xunta de Facultade.
- j) Tomar as decisións necesarias para levar a cabo a xestión ordinaria dos TFG: nomear os tribunais, asignar liñas temáticas e conceder as prórrogas das mesmas, aprobar os títulos e establecer o calendario, e facer a proposta de matrículas de honra cando haxa dous ou máis tribunais de TFGs.
- k) Constituír comisións *ad hoc* para o seu asesoramento nun tema específico, que se disolverán despois de emitir o seu informe.
- l) Todas aquelas outras funcións de tipo académico necesarias para o correcto desenvolvemento do título e que non fosen encargadas a ningún outro órgano.

Capítulo 3: Das Comisións de Mestrado

Artigo 44. Composición

- O/A decano/a, que a presidirá e convocará
- O/A vicedecano/a competente en materia de calidade
- O/A coordinador/a do mestrado
- O/A responsábel da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade, que asumirá a representación do persoal de administración e servizos
- PDI con dedicación a tempo completo e que imparta docencia no mestrado, repartidos do seguinte xeito:
 - un membro pertencente á área de Antropoloxía Social, sempre que imparta docencia no mestrado.
 - un membro pertencente á área de Filosofía, sempre que imparta docencia no mestrado.
 - un membro pertencente á área de Filosofía Moral, sempre que imparta docencia no mestrado.
 - un membro pertencente á área de Lóxica e Filosofía da Ciencia, sempre que imparta docencia no mestrado.
 - un membro pertencente á algunha do resto das áreas que imparten docencia no mestrado.
- Dous representantes do alumnado
- Poderán participar (con voz, mais sen voto) na comisión, cando así o demande a natureza do título, profesorado externo, egresados, profesionais ou representantes de colexios ou sociedades profesionais.

Artigo 45. Competencias

As comisións de mestrado serán os órganos colexiados ordinarios de xestión dos mestrados adscritos á Facultade e ocuparanse daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento do programa de estudos que establece a memoria, de acordo co Regulamento de réxime interno e o SGIC da Facultade. No caso de títulos interuniversitarios, rexerá o que indique o convenio.

En calquera caso serán funcións das comisións de mestrado as seguintes:

- a) Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, de acordo coa memoria do título, para a súa aprobación pola Xunta de Facultade.
- b) Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes.
- c) Aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa tramitación pola vicerreitoría competente, indicando os custos e recursos con que conta para a súa participación.
- d) Analizar a guía docente e programa de cada materia previamente aprobada polo departamento que ten asignado o encargo docente, para supervisar que o programa guía docente de cada materia se adaptan á memoria verificada do título e dar traslado do seu informe á Xunta de Facultade para a súa aprobación.
- e) Asesorar, se así se lle solicita, sobre o recoñecemento de competencias do alumnado matriculado no mestrado.
- f) Determinar os complementos formativos que deban realizar os estudantes matriculados en función do seu perfil de acceso, sempre que así se determine na memoria do programa de estudos.
- g) Tramitar propostas de modificación dos títulos de mestrado en consonancia co establecido na normativa en vigor.
- h) Promover a organización de cursos, conferencias e actividades de formación continua ou de extensión universitaria.
- i) Formular a proposta de calendario de exames e horario de clases para a súa posterior aprobación en Xunta de Facultade.
- j) Tomar as decisións necesarias para levar a cabo a xestión ordinaria dos TFM: nomear os tribunais, asignar liñas temáticas e conceder as prórrogas das mesmas, aprobar os títulos, establecer o calendario e facer a proposta de matrículas de honra cando haxa dous ou máis tribunais de TFMs.
- k) Constituír comisións *ad hoc* para o seu asesoramento nun tema específico, que se disolverán despois de emitir o seu informe.
- l) Facer a proposta, á Xunta de Facultade, de modificación ou suspensión do título.
- m) Todas aquelas outras funcións de tipo académico necesarias para o correcto desenvolvemento do programa e que non fosen encargadas a ningún outro órgano.

En relación co SGIC, a Comisión Académica do Mestrado, asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Elaborar o informe de seguimento do título, para a súa remisión á Comisión de Calidade e Grao do Centro e a súa posterior aprobación en Xunta de Facultade, que deberá incluír o informe de resultados e de propostas de mellora.
- b) Analizar a información proporcionada polo/a coordinador/a do mestrado e o/a responsable de calidade para levar a cabo o seguimento do título de mestrado.
- c) Supervisar a metodoloxía didáctica e o rendemento das ensinanzas.
- d) Procurar a coordinación entre os programas das materias e o seu correcto desenvolvemento.
- e) Todas aquelas outras funcións relacionadas co ámbito da calidade necesarias para o correcto desenvolvemento do SGIC.
- f) Traballar conxuntamente coa Comisión de Calidade e Grao cando sexa necesario para o correcto desenvolvemento do SGIC.

TÍTULO IV. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 46. Iniciativa

1. A reforma do Regulamento de réxime interno da Facultade, total o parcial, iniciárase polo/a decano/a, xa sexa por iniciativa propia ou logo de proposta asinada polo vinte e cinco por cento dos membros da Xunta de Facultade.
2. As propostas de reforma do Regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas, e presentaranse no Decanato da Facultade.
3. O prazo máximo entre a presentación da proposta de reforma de regulamento, e a data de celebración da Xunta de Facultade convocada para tal efecto, non poderá ser superior a dous meses.

Artigo 47. Procedemento

1. As propostas de reforma poranse ao dispor dos membros da Xunta de Facultade xunto coa convocatoria da sesión na cal vaian ser debatidas.
2. Enviada a convocatoria, abrírase un prazo de 10 días naturais para que os membros da Xunta de Facultade poidan achegar emendas, as cales deberán presentarse no Decanato da Facultade. Rematado este prazo, as emendas serán postas en coñecemento dos membros do Pleno polo menos cinco días hábiles antes da celebración do mesmo.
3. A proposta de reforma xunto coas emendas presentadas debateranse e votaranse no Pleno da Xunta de Facultade convocado para tal efecto.
4. Cando a proposta de reforma do Regulamento estivese motivada pola modificación dunha norma de rango superior de aplicación obrigatoria, abondará con que sexa aprobada polo voto favorábel da maioría dos presentes. No resto dos casos, para que a reforma sexa adoptada, será preciso que reciba o voto favorábel da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. Unha vez aprobada, elevarase ao Consello de Goberno para a súa ratificación.
5. De non ser aprobada a reforma, a proposta considerarase rexeitada, e non poderá proporse outra idéntica ata transcorridos un prazo de dous anos.

DISPOSICIÓNS DERROGATORIAS

Única. Derrogación normativa

Quedan derrogados o Regulamento de réxime interno da Xunta de Facultade de Filosofía aprobado no Consello de Goberno do 30 de xaneiro de 2006 e calquera disposición adoptada pola Xunta de Facultade ou os demais órganos colexiados do centro que contradiga ou vulnere o establecido neste Regulamento.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Única. Entrada en vigor

O presente Regulamento entrará en vigor no día seguinte da súa publicación oficial no taboleiro electrónico da USC, logo de ter sido ratificado polo Consello de Goberno.

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 22 de febreiro de 2018, aprobou por asentimento, previo informe favorable da Asesoría Xurídica, o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filosofía.


E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a 28 de febreiro de 2018, co Vº e Prace do sr. reitor.

Vº e prace

O reitor



Juan M. Viaño Rey



Datos do anuncio

- Url de consulta: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/22663/carga.htm>
- Título: Acordo Consello de Goberno 22 de febreiro de 2018
- Data de autorización: 14/03/2018 20:02:10
- Data de inicio da publicación: 14/03/2018 20:02:10

Arquivos asociados

- Titulo do documento: Acordo Consello de Goberno 22 de febreiro de 2018
- Descrición do documento: Aprobación Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filosofía
- Url de consulta: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/verAnuncioPublicable/22796/carga.htm>
- Pegada do documento: 386476f1f3c09c423380af30cce76b0fa825781df88a96bc32ff3b34f1afc978 (SHA-256)

Este xustificante xerouse de xeito automático polo taboleiro de anuncios no momento no que se autorizou a publicación no taboleiro.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Documento asinado con selo de órgano / Documento firmado con selo de órgano / Document signed with electronic seal:

Asinante/Firmante/Signer: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CIF Q1518001A, 14/03/2018 20:02:11.

CSV: 8264-62F3-4630-8BE5